



## Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

### **ASUNTO: CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 30 DE NOVEMBRO DE 2020**

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes conclusos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar de xeito telemático por videoconferencia, o próximo luns 30 de novembro de 2020 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

O motivo de realizar a sesión de xeito telemático por videoconferencia é debido a unha adaptación ás últimas medidas adoptadas pola Xunta de Galicia en materia de protección fronte á Covid-19

**SEGUNDO.** Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

- 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
- 2.- DAR CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E ASUNTOS VARIOS.
- 3.- AMPLIACIÓN DA APLICACIÓN DAS BONIFICACIÓNS APROBADAS PARA O 2020 NAS ORDENANZAS FISCAIS Nº 4, 6, 9, 12 E 13
- 4.- APROBACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN PARA O CLIMA E A ENERXÍA SOSTIBLE DO PACTO DOS ALCALDES POLO CLIMA E A ENERXÍA
- 5.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O 25 DE NOVEMBRO.
- 6.- MOCIÓN DO BNG SOBRE ORZAMENTOS XERAIS DO ESTADO
- 7.- MOCIÓN DO PP PARA A DECLARACIÓN DO CASCO HISTÓRICO COMO ÁREA DE REXENERACIÓN URBANA DE INTERESE AUTONÓMICO.
- 8.- MOCIÓN DO PP PARA CREACIÓN DUNHA COMISIÓN PARA ASIGNACIÓN DE SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS.
- 9.- ROGOS E PREGUNTAS

**TERCEIRO.** Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

A alcaldesa

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 03/09/2019)

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

María Barral Varela

Adrián J. Márquez Caramés